

FERROL, 3 DE XUÑO

POR BEATRIZ HAUSER

Non pretendo cartografiar emerxencias reterritorializante: pensar, de iso estou case segura, non é facer mapas. Tampouco establecer criterios para acción, nen revelar a posteriori a verdade dunha acción que ate entón aparecía cega. Non sei que pode ter que ver a filosofía coa política (se é que diso tratamos). O que sí sei e que eu aquí e agora, en Madrid un tres de maio, quero, necesito escribir algo. E non serán máis que palabras de máis, ou de menos. Entre o exceso e a precariedade móvese calquer tentativa de pensar o que acaece, o que se nos cae enriba, e nese nin sequera territorio as palabras pode pasarlles calquer cousa. Quizáis escriba unha dende si, pero ese sí, que se xa non remite a unha apropiación reflexiva remite alomenos a unha individualidade indiosincrática, está sempre fora. E eu mesma non saio dos eixos de coordenadas. Nada máis aburrido que esa vellas oposicións que sin embargo apenas podemos evitar cando pensamos. Ese termo de rizoma, que viña a referir nun primer momento ao libro da tamén boa conta do que sono : “*agencements*” e sinto poñelo en francés pero non teño nin idea de como traducilo. Incluso a produción da nosa interioridade ten lugar no espazo vulnerabel donde máis alá de nós menos, e de calquer distinción entre nós e os outros, estamos e somos. Ao cabo mancan as palabras. Non pretendo, polo tanto, explicar nada; pero quero dicir unhas cantas cousas impresións vagas. Por se vos interesan.

Empezo por contar unha historia. Hai algo máis de dúas semanas Ferrol apareceu nos medios de comunicación. A confraría de pescadores impedía a entrada dun gaseiro na ría, alegaban co paso do gaseiro era ilegal. Os representantes do estado non pensaban o mesmo. A historia repetiuse hai catro

días, cun novo gaseiro. E esta vez os representantes do estado non estaban de lería, a empresa- da que é accionista a Xunta- estaba perdendo diñeiro. O goberno, a Xunta, o capital galego botan os cans (neste caso anti-disturbios formados na escola que a Policía Nacional ten en Valladolid, moi ben situada para que a xente non se lles desbande no norte) e quédanse tranquilamente nas súas casas condenando a violencia. A acción dos mariscadores foi algo totalmente inesperado nun momento no que parecía que o único que quedaba fronte a planta de gas era a resignación. O problema con Reganosa non é algo novo. O anuncio da súa construción tivo lugar fai tal vez seis ou sete anos atrás. Case ninguén aceptou nese momento o seu emprazamento. Supúñase, ademáis, que non era legal polas sucesivas normativas Seveso (pero bueno todo o mundo sabe as condicións de aplicabilidade das normativas internacionais). A cousa seguiu adiante, con recursos cidadáns, o apoio explícito da Xunta e o apoio tácito do PSOE e o BNG. A Xunta e as principais entidades financeiras galegas compoñen o accionariado de Reganosa. A oposición a planta foi unha oposición autodenominada cidadá e sen adscripcións ideolóxicas. Eso tal vez explique en parte o legalismo e a falta de contido das súas reivindicacións. O comité era a cristalización dunha amalgama de xente o redor dun problema, digamos sen moita precisión, biopolítico. A xente reacciona porque percibe na planta de gas un perigo virtual. O outono pasado a vía legal esgotouse. O Tribunal Supremo non admite os recursos, pero o argumento non é legal senón pragmático. La planta de gas es de interés general para la política energética española (sic.) Os organizadores seguían reclamando o cumprimento dunha legalidade que fai xa dúas semanas ten sido incumplida de novo. A oposición quíxose dende o principio cidadá, logo abstracta, apelando a lei e o dereito. Non se opoñían a planta, senón a súa ubicación actual. Penso que ninguén en Ferrol está a favor do emprazamento de Reganosa, sen embargo as movilizacións estaban lonxe de ser masivas. Ese feito hai que explícalo con máis calma, un par de apontamentos de momento. A desconfianza selvaxe nos movemenos cidadáns, na organización colectiva que tralas folgas obreiras foi unha constante na cidade. O desmantelamento dos estaleiros, as modificacións

na condicións de traballo, a reconversión desfeita puxeron a vista o que sempre estivo aí: nunha cidade socialmente desestruturada, a vez dividida e estranamente simbiotizada nas súas divisións o xurdimento dunha oposición cidadá forte é imposible. Hai demasiados fantasmas, falta tal vez (e isto igual en toda Galiza) un travail de deuil (tampouco sei como traducilo) que emerxa e responda a unha necesidade política sen quedar nela.

Mentres no resto de Galiza celébrase o xiro a “esquerda” en Ferrolponse de manifesto que cando os intereses capitais son postos en perigo a resposta é sempre a mesma, esté quen esté no cargo. O xogo da coalición PSOE- Bloque non deixa de ter gracia. Fagamos oídos xordos as apelacións legais que xa os aplastarán os feitos. Agora din que tal vez ese non sexa o millor sitio para poñer unha planta de gas, pero que xa esta posta. Cando chegaron ao cargo o primeiro que dixeron foi que a planta lles parecía estupenda, onde estaba tamén. Neste caso (e en tantos outros, lembro o caso dos veciños de Canido, un barrio de Ferrol, expropiados por unha constructora gracias unha lei preparada por Fraga e aprobada pola coalición esquerdista) a continuidade coa política de Fraga é total. Xa os aplastarán os feitos... ou as porras. O discurso [tamén as accións] xurídico- formal da plataforma cidadá (“Somos ciudadanos, no terroristas”, berraban algúns, non todos, me pregunto quen marca a diferenza entre o dereito e o mal absoluto) resultara totalmente inane. A plataforma da defensa da ría non podía contraponer aos defensores do desenvolvemento industrial da bisbarra máis que, dunha banda, a alarma; e da outra, un discurso ecoloxista e conservacionista que queda esnaquizado no momento en que entra na puxa coa sacra creación de emprego. As protestas dos mariscadores veñen a desplazar esa suposta oposición, a descubrir a falsidade das oposicións mesmas. Emerxe de ahí unha realidade que negaban, que non querían ver, que de feito rómpelles a súa retórica lexitimadora e máis. Hai xente que traballa na ría, que vive nela, pero claro os modos de traballo que non respondan ao réxime asalariado non son tales.

“Ferrol: a cidade da ilustración” aparece nos reclamos turísticos locais. Non digo nada máis, penso que xa todos o sabemos. Non coñezo ben a historia pero inda quedan restos da violencia que entrañou a industrialización en Galiza, da separación entre o campo e as pequenas cidades, entre a costa e o interior. Tal vez de cada un en sí mesmo. Os obreiros das cidades, moitas veces tamén inda campesiños ou que o foran, despreciaban a xente das aldeas, e o que de aldea quedaba neles. Houbo oposicións, loitas por millorar as condicións de vida, loitas conservadoras porque de conservar a vida se trataba, pero comunidade nunca. E o que se lembra de loita en Ferrol son loitas obreiras. Penso que sin eso non se entende a imposibilidade de artellamento colectivo en certas zonas. Sen iso e sen entender que os traballadores queren seguir séndoo, porque o outro é inda peor. O discurso conservacionista ou o vencellamento o entorno é un alien. Tamén para os campesiños, para os que a natureza non é paisaxe senón traballo e pobreza. Tal vez ahí téñanse que buscar as raíces da desidia coa que se destruiu o entorno en Ferrol nos últimos anos. Máis recheos, un porto exterior inútel e que supuxo a modificación total da entrada da ría, a planta de gas etc. E todo iso sen motivar apenas protestas, non falo dos outros, falo de min e deles. Vívese nun sentimento de impotencia xeralizado, que tal vez sexa o único que se comparte. “Es una pena, pero traerá puestos de trabajo...” ouvir eso unha e outra vez. Non sei se alguén esperaba unha reacción, unha resposta de tal contundencia. Eu non. Un resto non recoñecido e difícilmente apropiábel emerxe da ría.

Estábamos afeitos as oposicións ilustradas entre sociedade e natureza, a que conservar a natureza fose deixala soa, como é, sin tocala. A principios do século en Galiza, a densidade de árbores era moito menor, moito do que hoxe é monte eran terras de cultivo, e só un exemplo. Hai un artellamento entre os grupos humanos e a natureza, da que en moitos casos viven directamente. Iso é algo que o modelo de traballo hexemónico impide ás veces ver. Así o discurso ecoloxista é un herdeiro directo inda que crítico da modernidade ilustrada, da súa noción de natureza-xardín. Pero o feito é que no (non) noso tempo moderno

coexisten e as veces non moi harmónicamente restos da historia, modos de organización anterior parasitantes e parasitados do réxime económico actual. A subsistencia de grupos humanos que dependen directamente da natureza para subsistir pode dar lugar (isto non é así sen máis, non estou falando dunha natureza reconciliada co home, ademáis varón. A existencia de esos grupos non é boa en sí mesma, en outras ocasións resultan como claramene negativa para o entorno. Estou moi lonxe de idealizar as confrarías de pescadores pero neste caso reveláronse como efectivas e o foron precisamente porque lles vai a vida en iso) a artellamentos a conxuncións e inclusións realmente efectivas. Xa non se trata dun chamamento abstracto aos dereitos colectivos ou a importancia de manter o entorno para xeracións vindeiras. Mariscadores e ría forman un “agencement” [sinto os termos en francés pero non teño nin idea de como traducilos]. A ría é deste modo o que Donna Haraway chama “natureza social” que reclama outras políticas, xa non unha política da representación que require a construción e invención do Outro, senón de artellamento (por ahí como unha reterritorialización da técnica conforme a criterios de xustiza e máis aló das oposicións supostamente modernas hai que entender ese termo de cyborg).

No momento en que eu escribo isto, na cidade na que nacín hai unha manifestación contra a planta de gas e contra a represión brutal dos que se opoñen a ella. “Nin Reganosa...nin ostias” vérase nalgunhas pancartas. Esta hisotria do mariscadores ten difícil solución. Os representantes do estado poderían ter tentado de convencelos con subvencións pero nin eso, foron directamente a pisarlles a cabeza. O patrón da confraría esta preso nestes momentos. A plataforma contra Reganosa apoia aos mariscadores inda que as súas estratexias sexan moi distintas. Non sei que pasara pero non ten fácil solución. Isto é un conflito local pero non puntual, o problema é, diría eu un pouco imprecisamente, estrutural, e vense dando en moitos lugares dende hai moito tempo. Espero que sirva alomenos para darse conta das mentiras que sustentan a retórica do desenvolvemento económico na bisbarra. Inda que non teño tampouco moitas esperanzas.

P.D : A manifestación desenvolveuse con total normalidade. E coa presenza de parte da intelligentsia galega. Non estou en contra de partida, pero visto o do Prestige (inda que a situación non é comparábel) o máis perigoso dun movemento e que se desinfle dende dentro por exceso de apoio. A política-espectáculo pode ser efectiva ás veces pero ten riscos e últimamente parece que non hai outra.